



A publicación do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 20 de marzo de 2012 de desenvolvemento do decreto citado, desvelaron entre as liñas e criterios imprescindibles para unha ordenación mais racional do sistema universitario de Galicia, a necesidade de desenvolvemento de Plans de Viabilidade para aqueles títulos oficiais universitarios nos que a media do número de alumnos de novo ingreso durante os últimos tres cursos é inferior ao establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011.

A elaboración deste plan de viabilidade ten por finalidade que as universidades podan realizar as modificacións necesarias nas titulacións afectadas, demostrando que o título se adapta á demanda socioeconómica da sociedade.

Con esta finalidade o pasado mes de xaneiro a Secretaría Xeral de Universidades remite ás universidades do Sistema Universitario de Galicia, a relación de titulacións de grao que, a tenor do establecido no artigo 14 en relación coa disposición transitoria primeira do Decreto 222/2011, deben someterse ao plan de viabilidade.

Os plans de viabilidade son avaliados e informados por unha Comisión de Avaliación creada ao efecto pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e integrada por vogais académicos, vogais do mundo profesional e técnicos da ACSUG.

O título de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, da Universidade de Santiago de Compostela, impartido na Facultade de Ciencias (campus Lugo), obtivo con data 3 de xuño de 2015, informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e foi aprobado na sesión ordinaria do Pleno do Consello Galego de Universidades, do 13 de outubro de 2015.

Á vista do exposto e de acordo co establecido no artigo 12 da Orde do 20 de marzo de 2012, esta Secretaría Xeral de Universidades,

**RESOLVE**

Aprobar o Plan de Viabilidade do **Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, da Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2015

O Secretario Xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro